Unidade 12: O espazo xeográfico e as actividades económicas

1. ESPAZO E APROVEITAMENTO DO SECTOR AGROPECUARIO

Até hai ben pouco, Galicia era un país cunha forte caracterización agraria. En 1960, o sector primario ocupaba a máis do 60% da poboación activa galega. Nas últimas décadas, o sector experimentou grandes transformacións, que supuxeron unha redución da poboación activa vinculada á agricultura. Neste tempo, consolidouse a industrialización do agro mais moitas explotacións agrarias galegas manteñen, aínda, un carácter de complemento nas economías familiares rurais.

Falar de produción agraria é abordar as realidades gandeira, agrícola e forestal. En termos produtivos, a gandaría é hoxe a principal base da agricultura en Galicia. Pola contra, a produción agrícola e forestal ocupan un lugar secundario no conxunto da agricultura. No entanto, se reparamos na superficie que ocupa cada actividade, observaremos que a actividade forestal representa o 69,6% do espazo agrario. Pola contra, os pastos permanentes supoñen o 19,3% e as terras labradas só un 11,1%.

Indicar tamén que do sector agrario depende, de xeito indirecto, unha importante industria transformadora e comercializadora dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais.

Historicamente a explotación da terra destacou polas dificultades de acceso á propiedade da terra por parte do campesiñado. Desde os século XII-XIII ate o XX perviviu en Galicia o sistema de foros. O foro era un contrato entre o propietario das terras e o labrego que as cultivaba en troco dunha renda fixa en especies. Así, os labregos só dispuñan do dominio útil non da propiedade da terra. Coa abolición do sistema foral nas primeiras décadas do século XX a maioría dos labregos accederon á propiedade das súas terras.

Xunto co predominio do réxime de propiedade plena subsisten en Galicia as formas de tenencia indirectas como o arrendamento e a aparceria. Estas formas de explotación afectan a unha superficie moi modesta e presentan unha clara evolución regresiva desde os anos 60.

Froito tamén da evolución histórica configurouse unha das características da estrutura agraria galega, o dominio da pequena propiedade. Esta realidade faise visíbel no grande número de propietarios existentes, mais dun millón a quen lles corresponden unha media de 2,34 ha de terra fragmentada en múltiples parcelas, na maior parte dos casos. Así, as 3/4 partes das explotacións teñen menos de 5 Ha. Aínda que esta é unha característica de todo o país, a fragmentación faise máis evidente na zona da costa, sobre todo nas Rías Baixas onde o 60,7% non chega a 1 Ha. As grandes explotacións son moi poucas, representan o 1%, mais agrupan o 41,3% da superficie agraria.

A orixe da fragmentación parcelaria hai que a procurar principalmente nos sistemas de transmisión hereditaria que dividen as propiedades entre todos os fillos, e tamén no complexo proceso de formación de moitos patrimonios mediante as compras sucesivas, cambios de parcelas.

A viabilidade económica dunha explotación agraria non depende só das súas dimensións territoriais, senón tamén de variábeis como as características do solo, o sistema de cultivos, o grao de modernización técnica e a capacidade de comercialización.

2. TRANSFORMACIÓN E PROBLEMÁTICA DO ESPAZO RURAL GALEGO

A partir dos anos 60 do século XX prodúcese a crise do sistema agrario tradicional. Dunha realidade agraria asentada nunha agricultura de autoconsumo transítase para un modelo de agricultura de estrutura capitalista. No labradio evidénciase unha tendencia clara á súa redución debido á orientación cara a gandaría vacún, de produción láctea especialmente. A dieta alimentar do gando, que esixe forraxes, explica que os prados e pastos representen case o 20% da superficie agraria, o dobre das terras labradas.

Territorialmente, a presenza da actividade agraria aparece de xeito desigual nas diferentes comarcas. Nas serras orientais, a SAU (Superficie Agraria Útil) non acada nen o 10% do territorio, o mesmo acontece na Dorsal Occidental e nas accidentadas penínsulas que separan as rías. Pola contra as áreas máis favorábeis á presenza de terras de cultivo son as amplas superficies achairadas da Coruña e Lugo e as zonas de val onde a SAU supera o 40 e 50%.

Ante a fragmentación interna das explotacións, aplicáronse nas últimas décadas políticas tendentes cara o agrupamento das parcelas de pequeno tamaño. A concentración parcelaria supuxo unha transformación estrutural importante nas zonas de Galicia onde se desenvolveu, principalmente na provincia da Coruña, nos vales do Xallas, Tambre e Ulla. En Lugo aplicouse no noroeste, entre Ribadeo e A Pastoriza e na zona de Sarria e Monforte. Tamén na Limia e val de Arnoia en Ourense como nas terras pontevedresas de Silleda e A Estrada. En 1989, só 20 % da superficie agraria vivira un proceso de concentración parcelaria. As dificultades que explican a lentitude na aplicación destas políticas están relacionadas coa complexa propiedade e valoración da terra, sobre todo naquelas zonas próximas a espazos urbanos ou vías de comunicación importantes. Hoxe en día, séguense desenvolvendo procesos de concentración parcelaria en diferentes comarcas. Máis por veces a concentración chega tarde, pois o despoboamento e avellentamento do mundo rural provoca que xa non haxa ninguén para traballar as terras concentradas.

O proceso de modernización do agro tivo entre outras consecuencias a mecanización das tarefas agrícolas e a introdución de abonos minerais. A aplicación do abonado mineral, tanto de

nitroxenados e fosfatados como de potásicos, viu substituír o uso tradicional do abono orgánico. A adopción de maquinaria afectou tamén ás actividades agrarias. Unha variada gama de maquinaria auxiliar agraria permitiu mellorar os rendementos das explotacións, ao tempo que liberaba de carga de traballo os labregos. O sector da produción de leite foi un dos que experimentou unha maior mecanización da súa actividade. Ordeñadoras, tanques de refrixeración, muíños de pensos, recolledoras empacadoras e cisternas de purín están presentes nas explotacións gandeiras do país.

No referido ás especies cultivadas, varias foron as mudanzas producidas, vinculadas estreitamente ao maior protagonismo da gandaría como xa apuntábamos con anterioridade.
Os cereais para grao seguen ocupando unha parte notábel (27,7 %) das terras agrícolas. Entre os cereais de primavera, o millo experimentou desde a súa introdución no século XVII unha progresiva expansión. Hoxe a súa produción dedícase case exclusivamente á gandaría. As melloras xenéticas das sementes conseguiron un aumento dos rendementos por superficie cultivada. Dos cereais de inverno os mais relevantes son o centeo e o trigo. O centeo, ben adaptado aos chans ácidos e ao clima rigoroso da Galicia interior, ten como destino principal a alimentación gandeira. O cultivo do trigo está en retroceso debido tanto a desaparición do autoabastecemento e da elaboración caseira do pan como á orientación gandeira da economía rural. As maiores extensións de cultivo correspóndense con zonas da Coruña e Lugo.

A pataca destaca pola súa forte presenza na estrutura produtiva agraria. Cultívase sobre todo a pataca de media estación, seguida en importancia pola pataca tardía. Como comarca produtora destaca A Limia en Ourense. No resto do país, destínase especialmente para o autoconsumo na propia explotación e é parte esencial na dieta alimentaria galega.

En zonas de Galicia como o Baixo Miño ou o Salnés, os cultivos de hortalizas destinados para a comercialización acadan un maior protagonismo.

Sinalar tamén os cultivos das leguminosas para gran, onde destaca a produción de xudías

secas cuxo destino principal é o consumo humano.

Por último, apuntar as producións de hortalizas, froiteiras e viñedos que teñen unha representación menor. No seu conxunto, as hortalizas agrupan unha heteroxénea variedade de especies como a col, o repolo, a leituga, o tomate, o pemento, a cebola e as xudías verdes. Ocupan pequenas parcelas situadas nas inmediacións das casas. Nas últimas décadas produciuse unha tendencia á ampliación das superficies dedicadas a horta e a floricultura, sobre todo caravel. O sistema de cultivo protexido baixo plásticos, especialmente aplicado á floricultura, está en expansión mais segue sendo minoritario.

Tradicionalmente a fruticultura estivo vinculada a pautas de produción tradicional, dominando especies como maceiras, pereiras, ameixeiras, pexegueiros, laranxeiras e limoeiros. Mais recentemente a partir dos setenta dedicáronse algunhas parcelas, de tamaño relativamente grande a plantacións regulares de froiteiras en cultivo único, especialmente maceiras e pereiras. Entre as plantacións modernas de froiteiras mencionar o cultivo de Kiwi. De introdución recente, experimentou unha rápida expansión a partir dos setenta, a través de explotacións de carácter capitalista. Entre os problemas do cultivo do kiwi hai que sinalar as eivas na cadea de comercialización do produto.

A viticultura é unha compoñente de longa tradición no sistema agrario galego. A partir dos anos 80 iniciouse un proceso de substitución de variedades alóctonas por variedades tradicionais. Especialmente significativo foi en comarcas como O Salnés e o Baixo Miño coa variedade de Albariño. Tamén en comarcas como Valdeorras co Godello e no Ribeiro co Torrontés e Treixadura.

Para a protección da calidade e as particularidades propias de cada variedade autóctona contase cun réxime lexislativo a través das Denominacións de Orixe e os consellos reguladores. Na actualidade, están constituídas as de Ribeiro e Valdeorras, as máis antigas e a das Rías Baixas. Esta última creada nos 80 presenta unha viticultura de calidade a partir do Albariño, de expansión recente e con óptimas expectativas. A cuarta denominación de orixe é a de Monterrei, creada en 1992. A viticultura coñeceu un proceso de transformación coa creación de grandes e modernas adegas.

Por último, as plantas forraxeiras son o exemplo máis significativo dos cultivos en expansión nas últimas décadas. Transformou as paisaxes das comarcas onde acadou maior protagonismo a gandaría vacún, cuxa dieta alimentar ten nas forraxes un elemento importante. Ocupa o primeiro lugar na ocupación de terras cultivadas co 45,6% da SAU. Confirma a supeditación da agricultura á gandaría nos últimos tempos. As prados polifitos ou temporais foron o despregue máis notábel. Este tipo de prados, descoñecidas en Galicia ate hai trinta ou corenta anos, están constituídas por misturas de gramíneas e leguminosas, con especies como o trevo, ou a ray-grass. O abonado intensivo e a posibilidade de varias segas ao ano explica os seus altos rendementos. Outras as

especies que viron aumentada a súa superficie e produción nos últimos anos foi o millo forraxeiro. Forma parte indispensábel das explotacións modernas de vacún de leite.

A distribución xeográfica da produción forraxeira coincide coas principais áreas de produción láctea, ocupando boa parte das provincias de Lugo e A Coruña e nordeste de Pontevedra.

Canda as transformacións en cultivos e estruturas, nestas décadas vivíronse profundas mudanzas nos activos agrarios. Mudanzas vinculadas nomeadamente cun incremento da agricultura a tempo parcial e co avellentamento da poboación agraria activa.

A necesidade de pastos para o gando transformou a paisaxe agraria de numerosas comarcas do país.

Así a agricultura a tempo parcial viuse potenciada coa diversificación das fontes de ingresos procedentes do sector industrial e das actividades terciarias. Aínda que as posibilidades de complementar os recursos económicos rurais cos de procedencia extra agraria son moi limitadas en boa parte das zonas rurais, hoxe en Galicia o 20% dos titulares das explotacións teñen unha ocupación principal non agraria.

Cada vez é máis habitual en moitas zonas de Galicia que a proporción de empresarios agrarios maiores de 55 anos supere o 60%. Esta situación mitígase un pouco nas Rías Baixas e Baixo Miño, no occidente coruñés, no centro da meseta lucense e nalgúns vales ourensáns onde se localizan explotacións medianas modernizadas e explotacións pequenas especializadas, viñedos e produción hortícola.

2.1 O PAPEL DA GANDARÍA

Nas profundas transformacións experimentadas polo sistema agrario galego desde 1960, destaca sen dúbida a orientación de moitas explotacións agrarias cara a gandaría, actividade que experimentou mudanzas notábeis tanto na composición interna da cabana e os seus efectivos numéricos como, sobre todo, na calidade e rendemento produtivo das explotacións.

A modernización da gandaría centrouse en determinadas especies nomeadamente o bovino e o porcino. Foi sobresaínte tamén o protagonismo acadado pola avicultura, a cunicultura ou a cría de visóns. As granxas estabelecidas nos anos sesenta foron en boa parte iniciativas de empresarios non agrarios con capacidade económica para a instalación de granxas, tanto de vacún, porcino ou avícolas. No referido ás explotacións de vacún, presentan un maior número de cabezas de gando por explotación que as explotacións tradicionais. Son instalacións capaces de acadar bos rendementos grazas á mellora dos sistemas de estabulación e a mecanización das instalacións. Na dieta alimentar dos animais cobran grande importancia os pensos compostos elaborados. Prodúcense avances nos sistemas de inseminación que melloran a calidade do gando, ao tempo exércense controis veterinarios e coidados sanitarios periódicos sobre o gando coa finalidade de evitar a propagación de enfermidades.

Na actualidade, a cabana gandeira está formada por entre 2,5 a 3 millóns de cabeza de gando. Destaca o dominio do bovino e porcino (90%) fronte á tendencia regresiva do caprino e lanar.

No gando vacún, desenvolveuse a produción intensiva granxas orientada exclusivamente á comercialización da produción de carne ou de leite. Na produción leiteira, coa intención de acadar maiores rendementos, produciuse a incorporación de razas alóctonas como a frisona holandesa. Hoxe esta especie representa entre o 80/90% do gando vacún. As aptitudes naturais de Galicia para a produción de leite, así como o aumento da demanda debido ao aumento da poboación urbana contribuíron ao progresivo aumento da produción desde 1960. Galicia é a primeira rexión produtora de leite do Estado. As principais zonas leiteiras son as provincias de Lugo, A Coruña e parte de Pontevedra,

Os exemplares de frisona holandesa supoñen máis do 80% do gando vacún existente nas explotacións galegas.

especialmente o nordeste pontevedrés. A maior parte da produción véndese a centrais leiteiras, ou ben cooperativas ou sociedades capitalistas. A incorporación á UE supuxo un camiño de incerteza para o sector gandeiro, especialmente para o sector lácteo. Estabeleceuse un sistema de cotas para a produción láctea, que xunto á competitividade dalgúns países europeos repercutiu negativamente nas comarcas gandeiras sobre todo alí onde as explotacións iniciaran e non concluíran a modernización das estruturas produtivas o que derivou na desaparición de numerosas explotacións tradicionais. Como consecuencia, as explotacións de gando vacún mais pequenas, aquelas con menos de 5 vacas, sufriron unha drástica redución. Xunto os problemas estruturais aparecen os derivados da comercialización e a transformación industrial. O sector leiteiro vive inmerso en crise periódicas derivadas da flutuación dos prezos pagos aos produtores polas empresas transformadoras.

A gandaría vacún adicada á produción de carne está centrada principalmente no gando de engorde que representa unha porcentaxe alta do total de reses comercializadas. Desde hai uns anos estase potenciando a raza autóctona Rubia Galega para produción de carne. Creouse a denominación de orixe "Ternera Gallega" para garantir a calidade da carne comercializada. Tras a crise das "vacas tolas", vivida polo sector no final dos 90, apareceron iniciativas de produción de carne en réxime extensivo vinculadas con experiencias de produción ecolóxica. Localízanse principalmente en áreas montañosas do interior de Lugo e Ourense.

Pola súa parte, o aumento da produción porcina esta en relación cunha maior demanda de carne de porco e coa expansión da industria chacineira. Parella evolución sufriu a actividade avícola co incremento da instalación de granxas de produción intensiva de carne e ovos. A súa presenza destaca en Ourense, co grupo Coren como principal referente, e Pontevedra.

Por último, algunhas explotacións agrarias minifundistas adoptaron a mediados dos setenta a alternativa da cunicultura comercial que coexiste coa tradicional para consumo familiar.

2.2 O SECTOR FORESTAL HOXE

O monte ocupa un lugar destacado na estrutura agraria en Galicia. Se ben, no sistema agrario tradicional o seu papel estaba centrado na produción de materia para o abonado dos campos, nas últimas décadas a produción madeireira se converteu na principal funcionalidade do monte. A superficie forestal ocupa mais de dous millóns de hectáreas, das que o 69% están ocupadas por masas arbóreas. Entre as especies existentes destacan o eucalipto, diferentes variedades de piñeiro e o carballo. A presenza do eucalipto limítase, principalmente, as zonas litorais da fachada atlántica e norte de Lugo.

En Galicia existen tres tipos de propiedade forestal: montes privados, montes comunais e montes públicos. Case dous terzos do territorio forestal de Galicia, o 67%, son de propiedade particular,

con parcelas de tamaño medio inferior á media hectárea. Os montes públicos representan só o 2,2 % do total. Por último, os montes comunais ocupan o 29,9 % da superficie forestal. A titularidade dos montes comunais en Galicia foi obxecto de numerosos conflitos ao longo da historia. A partir do século XIX, agudizouse esta conflitividade polos enfrontamentos entre os veciños das aldeas que usaban os montes comunais e as novas administracións aparecidas na reforma do Estado de 1833. Os maiores conflitos sobre a propiedade ocorren a partir de 1940, ao se iniciaren repoboacións forestais masivas mediante consorcio entre o Patrimonio Forestal do Estado, a través do ICONA, e os concellos, de forma directa ou por mediación das deputacións. A conflitividade culminou, no inicio dos 80, co recoñecemento de moitos montes como bens de propiedade particular colectiva. Existen mais de 645.390 ha de montes veciñais xestionados por 2701 comunidades de montes.

Ademais do uso produtivo, na actualidade, o monte adquiriu outros tipo de funcionalidades. Os cambios vividos na sociedade galega nas últimas décadas permitiron incorporar o valor social e medioambiental dos montes, mediante a creación de zonas de lecer e espazos para a práctica de actividades recreativas.

Dada a capacidade de fixar carbono da atmosfera que teñen as árbores, as masas forestais convertéronse nunhas aliadas importantes na loita contra o cambio climático xa que axudan a reducir as concentracións de carbono, un dos principais causantes do quecemento global.

3. A REALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

A frota de baixura caracteriza a realidade pesqueira da maior parte dos portos do país.

A pesca marítima é unha actividade de grande tradición histórica en Galicia. A costa galega é moi extensa, pois conta con mais de 1000 km, artellada en sucesivas rías e a cuxo abrigo se instalaron numerosos portos. No ámbito pesqueiro estatal, o protagonismo da frota galega consolidouse, representando o 40 % do total da pesca desembarcada. As capturas iniciaron unha tendencia à

redución a partir dos anos oitenta, en parte debido á sobre-explotación do mar.

Coexisten na pesca galega dúas realidades, un sector de litoral, integrada polas frotas de baixura e costeira, que traballa no interior das rías e nos bancos pesqueiros próximos á costa, e que emprega barcos de reducida tonelaxe; e un outro sector de carácter industrial que se adica á pesca de altura e grande altura mediante unha frota de grandes buques e que dispón de medios modernos de produción e conservación.

Unha das características que definen a frota galega é a súa escasa capacidade media, pois mais do 80 % non supera os doce metros de eslora. Outro dos aspectos que definen à frota é o seu alto índice de avellentamento, mais do 40 % dos barcos foron construídos entre 1961 e 1975. O 25% das embarcacións pesqueiras rexistradas serve de apoio á acuicultura ou ten como obxectivo principal o marisqueo a flote. No conxunto da frota de baixura destaca a escasa especialización nunha modalidade de pesca, sendo habitual que un barco se adique a diferentes artes de pesca. Entre as diferentes artes que se empregan podemos sinalar a liña, diversos tipos de nasas, os trasmallos. Dentro das frotas especializadas, as principais artes empregadas son o cerco, o arrastre e o palangre.

Xunto ás actividades extractivas, aparecen numerosas actividades de transformación e comercialización como as industrias conserveiras, empresas exportadoras, transportistas; ademais doutras áreas de apoio á actividade pesqueira como o sector naval.

Na estrutura da poboación activa no sector destaca a porcentaxe alta de mariñeiros que, nas frotas de baixura, sobre todo nas Rías Baixas, comparten a pesca con outras actividades. No ámbito da pesca de altura os mariñeiros teñen a pesca como única dedicación. Tamén na idade dos traballadores do mar existen diferencias entre as dúas frotas, así a maior proporción de mozos na frota industrial contraponse ao maior media

A crise vivida pola pesca de altura levou ao amarre a boa parte da frota galega que pescaba en diferentes mares do planeta.

de idade da frota de baixura.

Por especies desembarcadas, os peixes representan o maior volume, seguido dos cefalópodos e dos bivalvos. O xurelo, a pescada, a xarda, a sardiña e o lirio achegan mais das tres quintas partes da cantidade total de peixes comercializados en Galicia. Os portos de Vigo e A Coruña localizan máis da metade da capacidade da frota galega. Son claramente os portos de maior transcendencia económica na función pesqueira, con mais do 40% e 30% respectivamente. Xunto con Burela, Celeiro, Marín e Ribeira supoñen o 90% do valor total dos desembarcos efectuados.

A pesca representa a metade do valor total das exportacións galega e o 30 % das importacións. As exportacións están dominadas polo peixe conxelado, que xunto os moluscos e as conservas de pescado supuxeron o 70 % das vendas de produtos pesqueiros no exterior. O ámbito preferente dos intercambios é a Unión Europea, nomeadamente Portugal. Existen tamén importantes relacións con países doutros continentes.

Entre 1972 e 1979 a frota de altura viu reducidos os desembarcos en case 200.000 tn. A ampliación das augas territoriais dos países nos que tradicionalmente faenaba a frota freou o despegue experimentado nos sesenta e inicios dos setenta, o que provocou unha etapa de recesión para o sector. Coa incorporación à UE, e o sometemento á Política Pesqueira Común, a frota galega viuse obriga a unha nova redución no número de buques.

3.1 O MARISQUEO E A ACUICULTURA

O marisqueo e a acuicultura en Galicia son outra fonte importante de recursos de orixe mariña. Historicamente, as comunidades do litoral practicaron o marisqueo no areais e no interior das rías. Na actualidade segue mantendo un importante papel económico e social nas vilas litorais. O marisqueo practícase en espazos acoutados, concesións, ou ben en áreas libres da costa. Xestionados por particulares ou confrarías, neles recóllense croques e diferentes tipos de ameixas principalmente.

A partir de 1950 produciuse o desenvolvemento do sector acuícola coa instalación das primeiras bateas, destacando como principal foco de localización o ámbito da ría de Arousa. O mexillón é o principal produto, aínda que tamén existen bateas adicadas ao cultivo da ostra e da vieira. Galicia é o segundo produtor mundial de mexillón despois da China. Desde hai uns anos, está collendo maior protagonismo a cría de peixes en granxas en terra ou gaiolas instaladas no mar. Entre as principais especies criadas destaca o rodaballo, o linguado e o ollomol.

4. ACTUALIDADE DA INDUSTRIA EN GALICIA

A situación actual da actividade industrial galega é froito dun proceso de desenvolvemento económico recente. A estrutura industrial caracterízase polo predominio de pequenas e medianas

empresas distribuídas entre unha ampla variedade de sectores, e só algunhas industrias superan o milleiro de traballadores. Esta realidade empresarial pode implicar problemas de financiamento, técnicos, comerciais ou de capacitación profesional. Por volta do 82,4% das empresas galegas teñen menos de seis obreiros, e traballan en sectores como o da madeira, alimentación e metalurxia. Sobre o 16% das empresas galegas localízanse na franxa de entre 6 e 100 traballadores. Esta tipoloxía de empresa está presente con maior frecuencia nas provincias do interior. As empresas con mais de 100 empregados representan o 1,8 % do total. Desde os anos 80 produciuse unha perda de peso das grandes industrias, moitas veces de capital estranxeiro ou con alta participación do sector público.

A análise da localización xeográfica da industria evidencia contrastes territoriais entre a zona do litoral, máis urbana e industrial e o interior cunha maior caracterización agraria. A facilidade das comunicacións, a presenza de infraestruturas portuarias, unha maior densidade demográfica, xunto co desenvolvemento urbano fan que o Eixo Atlántico continúe a ser o corredor principal de localización das industrias de Galicia. Esténdese desde Ferrol até Vigo-O Porriño coincidindo coa autoestrada A-9 e a estrada N-550, tratándose dun modelo de localización axial. Os concellos localizados nesta franxa presentan as maiores taxas de poboación ocupada no sector con valores superiores ao 50‰. Son principalmente, a zona das Rías Baixas e o Golfo Ártabro. O conxunto do Eixo Atlántico agrupa o 75% do emprego, con ámbitos de maior densidade nos treitos A Coruña-Ferrol, Vilagarcía-Pontevedra-Vigo. Desde mediados dos noventa, a zona da capital, Santiago de Compostela, configurouse como un terceiro polo industrial no país.

O sector da automoción aparece localizado en Vigo e na súa área. Agrupa numerosas empresas, entre as que destaca a factoría da multinacional Citröen.

Pola contra, na zona oriental as actividades industriais aparecen localizadas en pequenos focos, vinculados ás cidade capitais. Así, en Ourense e o seu entorno existe unha concentración industrial de certo entidade, que conforma o sector industrial provincial xunto coa comarca de Valdeorras, onde destaca o sector extractivo da lousa. Dous focos industriais destacan en

Lugo, o da súa capital e entorno, con importantes estabelecementos agro-alimentares, relacionados co sector lácteo e cárnico e na costa o complexo Alumina-Aluminio. O mapa das localizacións industriais complétase con espazos comarcais como Sarria, Lalín, Vilalba.

4. 1 OS SECTORES DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

Desde unha perspectiva da configuración sectorial a industria galega destaca pola diversidade de actividades empresariais existentes. Aínda así, non todos os sectores teñen o mesmo peso dentro da realidade industrial do país. Destacan no conxunto, eidos como o da fabricación de material de transporte, o sector da alimentación, a metalurxia, a rama téxtil e a industria da madeira e derivados.

O sector vinculado ao transporte aparece concentrado en Vigo e na súa área próxima. É un sector que presenta unha alta dependencia da multinacional francesa Citröen, instalada na cidade desde 1958. Agrupa o 20 % do emprego industrial.

Concentrada nos focos de Ferrol (Bazán, Astano) e Vigo (Barreras, Vulcano, Santodomingo, Freire) aparece a industria naval. A crise dos anos 80 afectou gravemente a este sector, pois á forte competencia doutros países e ás dificultades da pesca uniuse a regulación do sector derivada da entrada do Estado Español na UE. Desde a década dos 90 experimentouse un novo pulo da construción naval grazas ao aumento na demanda de buques propiciado polo empurre do comercio internacional.

As centrais térmicas de Meirama e As Pontes contribuíron ao incremento da capacidade de produción enerxética de Galicia.

Ante as necesidades dunha incipiente expansión industrial incrementouse a explotación de minerais metálicos e produtos de canteira como caolín, seixo, granito, lousas, gravas. Os recursos minerais enerxéticos limítanse ao lignito que abastece as centrais térmicas de As Pontes

e Meirama. En Galicia, a actividade mineira está limitada á produción e a exportación.

A enerxía eléctrica é outra das chaves do desenvolvemento económico. Experimentou un grande empurre a partir dos anos corenta coa expansión da hidroelectricidade que máis tarde se completaría coa instalación das centrais térmicas, que en 1980 producían o 58% do total. Como resultado a produción eléctrica en Galicia tivo unha evolución ascendente, o que converteu o país nunha das principais zonas produtoras de enerxía do Estado. Só a empresa Alumina-Aluminio, instalada no norte lucense, absorbe a metade da produción eléctrica do país. A política de expansión enerxética oriéntase en Galicia hoxe cara as minicentrais, a produción eólica e as centrais de coxeneración a partir de biomasa forestal.

O sector agro-alimentario e madeireiro ten a súa base na abundancia de materias primas procedentes sobre todo da gandaría, da pesca, e da explotación forestal. O sector artéllase en numerosas pequenas empresas, aínda que existen grandes grupos como Pescanova, no ámbito da pesca, Coren, na avicultura, Leyma, no sector lácteo e Tafisa e Ence no sector da madeira. O sector conserveiro, de longa tradición, mantén un grande significado, aínda que arrastra problemas estruturais e de competitividade produtiva.

Por último destacar a grande expansión vivida polo sector do téxtil nas últimas décadas do século XX. Destaca por ser unha industria con capacidade innovadora e exportadora. O grupo Inditex é o mais importante xunto con empresas como Adolfo Domínguez, Roberto Verino. Xera un volume alto de emprego con 15000 empregados en máis de mil empresas.

5. O PROCESO DE TERCIARIZACIÓN DA ECONOMÍA GALEGA

A partir dos anos sesenta foise configurando en Galicia un importante sector dos servizos, converténdose na actualidade no sector que maior aportación, 58%, realiza ao PIB (Produto Interior Bruto) do país. Baixo a denominación de actividades terciarias podemos incluír un amplo grupo de actividades. De todas as ramas que compoñen este heteroxéneo sector, na

Nas áreas urbanas do país concéntranse a maior parte dos centros comerciais que abriron as súas portas nos últimos anos.

actualidade a dos servizos públicos é a mais significativa, seguida pola dos servizos comerciais. Outros eidos de menor significado económico son os de transportes e comunicacións, hostalaría e restauración, corredurias de seguros, xestión inmobiliaria.

En relación ao tipo de emprego, o conxunto do sector presenta unha proporción alta de asalariados, sobre 70 %, aínda que en ámbitos como o comercio e a hostalaría descende ate o 50%, o que se interpreta como unha evidencia do carácter familiar de boa parte destes estabelecementos. A dispersión demográfica é responsábel en certa medida desta estrutura empresarial familiar,de moitas empresas, así como tamén pola elevada segmentación dos servizos comerciais. Así o 94,6% dos estabelecementos comerciais de Galicia ten entre 1 e 5 empregados.

Nas últimas décadas introducíronse nas estruturas comerciais do país, grandes grupos de distribución e de cadeas de venda, de capital nacional ou con moita frecuencia multinacional. Na estratexia de localización destes espazos comerciais prima a accesibilidade, que lles permita cubrir tanto as áreas urbanas como o espazo suburbano ou rural próximo. O desequilibrio territorial entre a costa e o interior mantense tamén no sector servizos, aparece unha Galicia occidental con maior poboación e máis alto nivel de recursos que na zona oriental do país. Esta dualidade reprodúcese na confrontación urbano-rural. Así, boa parte dos centros comerciais aparecen concentrados nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, na zona urbana da capital do país, Santiago e nas capitais das provincias, Pontevedra, Ourense, Lugo.

Por último, sinalar a importancia que manteñen feiras e mercados como formas de comercialización tradicional en numerosas comarcas do país.

6. TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS COMO ELEMENTOS DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Nas economías desenvolvidas, os medios de transporte facilitan a comunicación entre os ámbitos de extracción ou elaboración e os mercados. Así un dos problemas mais graves que tivo Galicia en relación ás súas posibilidades de desenvolvemento foi a deficiente rede de transportes con que contaba o país. Por causa da localización e da configuración do seu relevo, Galicia mantívose secularmente illada do resto da Península. Só os portos marítimos foron quen de romper as

Coa apertura da AP-9 conseguiuse o artellamento da fachada atlántica do país.

restricións que ofrecían as redes terrestres.

A rede galega supón o 10 % das estradas do Estado. Esta elevada densidade da rede viaria vén derivada do espallamento dos núcleos de poboación. O crecemento económico esixiu unha renovación das redes de comunicacións tanto interiores como exteriores. En relación ás comunicacións por estrada, as conexións coa Península conseguiron unha mellora substanciábel a partir da construción de dous novas autovías, tamén se artellou o Eixo Atlántico coa construción da AP-9 e autovías interiores. Ao tempo, incrementouse a capacidade aero-portuaria e portuaria, realizándose tamén melloras nas redes de telecomunicacións e gasodutos.

A rede intra-rexional mellorou as súas capacidades a partir do Plano de Estradas de Galicia posto en marcha polo goberno galego. Mediante este plano construíronse autovías interiores como as do Barbanza e do Salnés ou infraestruturas como o corredor do Morrazo. Importantes foron tamén as melloras na rede secundaria coa intención de reducir os tempos de desprazamento entre núcleos e reducir os índices de sinistralidade.

Xunto ao transporte por estrada, o transporte terrestre compleméntase mediante os camiños de ferro. A orografía dificultou o desenvolvemento deste medio de transporte. A rede presenta un trazado difícil con moitas pendentes e con curvas de ratio curto. En Galicia existen pouco máis de 1000 km dos que a maior parte presentan as características de ancho normal, xestionados pola Renfe. Xunto a estes existe infraestrutura de vía estreita, xestionada por FEVE que discorre pola costa entre Ferrol e Ribadeo. Os puntos neurálxicos na comunicación por ferrocarril son os de Ourense e Monforte de Lemos, enlaces da rede co resto do Estado e cos nodos terminais dos portos de Vigo e A Coruña. O tren emprégase para viaxes de percorrido longo, como sistema de comunicación co exterior e como transporte de produtos industriais ou materias primas destinadas a mercados de fora. Nas últimas décadas incrementouse a perda de usuarios en beneficio doutros sistemas de transporte como o automóbil ou o avión. A liña entre A Coruña e Vigo é a que mantén un maior dinamismo, mentres a maioría das liñas esmorecen pola redución dos trens e a conseguinte perda de usuarios. En parte, esta realidade débese a uns camiños de ferro obsoletos, construídos no século XIX e que destacan pola ausencia de dobre vía e deficiencias técnicas como a falla de electrificación. Nestes momentos, estanse realizando melloras na rede coa construción dunha liña de TAV, coa que se pretende reducir os tempos de viaxe entre Galicia e o interior da Península.

Nas últimas décadas o transporte aéreo experimentou un crecemento espectacular. A tendencia ascendente deste medio de transporte en época recente relacionase co aumento do nivel socioeconómico e a proliferación de liñas de baixo custe (low-cost). En Galicia o transporte aéreo artéllase a través de tres aeroportos, o de Lavacolla en Santiago, Peinador en Vigo e Alvedro na Coruña. Aínda así, o tráfico máis importante concéntrase en Santiago. Nos últimos anos, boa

parte do fluxo de pasaxeiros galegos cara outros destinos realízase desde o aeroporto Sá Carneiro en Porto. Isto é debido á proximidade e á maior oferta de voos que se ofrecen desde a terminal portuguesa.

O tráfico de mercadorías galegas realízase en gran parte por medio do transporte marítimo pois a situación xeográfica do país ofrece excelentes condicións para este tipo de transportes. As instalacións e infraestruturas sitúanos entre os mellores portos medios de Europa, mais os portos galegos teñen limitada a súa capacidade de traballo debido ás malas comunicacións terrestres cara o interior. Vigo é o principal porto galego. Entre os seus fluxos de mercadorías destacan o tráfico derivado da industria do automóbil, o granito e os desembarcos de peixe, tanto en fresco como en conxelado. Nos últimos anos, adquiriu maior protagonismo o tráfico de contedores. Dentro desta liña, está en fase de construción unha plataforma loxística en Salvaterra de Miño que vai permitir ao porto de Vigo ampliar a súa capacidade de almacenaxe de contedores. Vigo integrarase nos próximos anos nas autoestradas do mar impulsadas pola UE, dentro das políticas europeas de redución do transporte por estrada.

Entre os portos existentes destacan tamén no plano comercial o da Coruña, Ferrol e San Cibrao. As ampliacións realizadas no porto da Coruña colocárono entre os mellores equipados da fachada atlántica para recibir grandes buques mercantes. Está especializado como porto industrial petroleiro e graneis sólidos xunto coa pesca. Nestes momentos, estase construíndo un porto exterior, onde se pretenden trasladar as instalacións portuarias localizadas na fronte marítima da cidade. Ferrol ven de inaugurar o seu porto exterior que destaca polo tráfico de minerais para a central térmica das Pontes. Vilagarcia e Marín completan a rede de grandes portos galegos. Sinalar tamén a existencia do porto de San Cibrao, centrado na descarga de bauxita para Alumina, que xunto ao da Coruña representan a metade do movemento total de mercadorías efectuado nos cinco portos de Galicia.

Gran parte da produción automobilística que se produce en Vigo sae para o seu destino a través do porto da cidade.

Coa ampliación do Canal de Panamá prevista para o ano 2014 ábrense novas posibilidades para os portos galegos debido a súa localización na vertente atlántica europea.

7. TURISMO, IMPACTO SOCIO-ECONÓMICO E MEDIOAMBIENTAL

O turismo é unha das actividades económicas con maior ritmo de expansión nas últimas décadas en Galicia. Na actualidade, o turismo aporta o 11,6 % PIB do economía galega. Por este motivo, o turismo se configura como un sector estratéxico para a economía, principalmente pola heteroxeneidade de actividades produtivas involucradas, restaurantes, empresas de transportes, actividades culturais, recreativas, deportivas, hoteis. Os empregos vinculados, directa e indirectamente, á actividade turística supoñen o 13,3% da poboación activa galega.

Neste incremento do turismo en Galicia tiveron moita importancia as melloras acadadas nas redes de transporte, tanto nas vías de comunicación como tamén no tráfico aéreo, coa apertura de novas liñas que unen os aeroportos con cidades españolas e europeas incrementouse o número de turistas que se achegan a Galicia en diferentes épocas do ano. A paisaxe, a cultura, o patrimonio histórico-artístico ou a gastronomía están entre os principais reclamos que Galicia ofrece ás persoas que nos visitan.

Na localización espacial das infraestruturas de aloxamento destaca a primacía das provincias occidentais, e só Lugo mostra cifras equiparábeis ás destas provincias no referido a casas de turismo rural. A zona das Rías Baixas localiza a maioría das prazas, tanto en hoteis de categoría superior como hostais e pensións. Xunto a estas instalacións hoteleiras, existen numerosas vivendas secundarias e apartamentos familiares alugados que completan a oferta de habitacións. Esta zona benefíciase de condicións climáticas estivais con temperaturas superiores ao resto da costa galega. Ultimamente proliferaron numerosos portos deportivos o que incrementou a oferta de servizos das vilas costeiras. A zona do Golfo Ártabro configurase como outro dos centros turísticos da costa galega. Evidénciase unha tendencia de difusión de veraneo intensivo cara outros sectores das Rías Altas como a costa da Morte ou as rías de Cedeira e Ortigueira. A costa de Lugo está adquirindo unha maior auxe, aínda que non chega aos niveis das outras zonas costeiras. As características climáticas e as condicións de accesibilidade frean a difusión turística, Ribadeo, Viveiro, Foz.

Por último, sinalar o papel da capital, Santiago de Compostela. A cidade viu aumentar o seu papel como centro turístico nas últimas décadas relacionado co seu carácter relixioso e cultural, ate se converter nun dos principais focos turísticos de Galicia, sendo a catedral o lugar mais visitado de Galicia.

Sobre a orixe do turismo que se achega a Galicia, son na súa maioría españois procedentes do centro e noroeste da Península. Presenta unha estacionalidade acusada, pois é no verán onde se concentran o maior número de visitantes. Salientar tamén, as cifras de turistas que se rexistran durante a Semana Santa. Por outra parte, é importante o papel do turismo interno, integrado polos

desprazamentos dos galegos polo país. Dentro dos visitantes estranxeiros hai que destacar o fluxo de excursións procedentes de Portugal.

É preciso apuntar a realidade do turismo rural, que nas últimas décadas mantivo unha tendencia á alza tanto en número de prazas como en estabelecementos destinados ao aloxamento turístico. A oferta rural compleméntase con rutas a cabalo, servizos de aluguer de bicicletas, actividades de senderismo e montañismo que propiciou a creación de empresas especializadas neste tipo de servizos.

Nos últimos anos, Galicia soubo aproveitar a súa riqueza mineromedicinal. Así o sector dos balnearios revalorizouse moito nos últimos anos, gracias a tres tipos de estabelecementos: os balnearios, que utilizan a auga mineromedicinal con fins lúdicos e terapéuticos; os centros de talaso, que empregan a auga do mar e o medio mariño cos mesmos fins que os balnearios; e os denominamos spas, que contan con instalacións de auga para uso lúdico. As instalacións deste tipo localízanse principalmente en zonas do interior, onde na maioría dos casos actúan como dinamizadores da economía. Este turismo ademais favorece a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta cara a subsectores con magníficas expectativas de futuro.

Como efectos negativos provocados polo desenvolvemento turístico debemos sinalar principalmente aqueles vinculados á falla de planificación urbanística e territorial. Foi así que a expansión turística en zonas como as Rías Baixas, a Costa da Morte ou A Mariña luguesa provocou nas últimas décadas graves efectos negativos sobre a paisaxe. Xunto ao impacto das novas construcións, hai que sinalar como naquelas vilas que incrementan de xeito considerábel a súa poboación durante o verán rexístranse incidencias derivadas da incapacidade de certas infraestruturas (estradas, rede de saneamento, recollida de residuos) para asumir tanta poboación, é o caso de Sanxenxo que triplica a súa poboación nesa época. Por último, indicar como o incremento do fluxo de visitantes a espazos naturais de alto valor ecolóxico repercutiu de xeito notábel na perda de biodiversidade destes espazos, nomeadamente nos complexos dunares vinculados aos areais costeiros.

8. O PROCESO HISTÓRICO DA CONFIGURACIÓN DO TERRITORIO. CAMIÑO DO HOXE.

Froito dunhas condicións naturais específicas e procesos históricos diversos foise configurando un territorio diferenciado ao longo do tempo. Se ben con anterioridade xa se tiña producido a intervención humana sobre o territorio, non foi ate o período castrexo que se desenvolveu unha ocupación do territorio de xeito estábel. A distribución dos asentamentos lonxe de ser arbitrario, estivo condicionado polos aspectos físicos do territorio. A zona das Rías Baixas, o Golfo Àrtabro e

os principais vales fluviais agruparon a maior parte dos castros. A dureza das condicións naturais nas serras orientais e centrais limitou o desenvolvemento de asentamentos. A localización en outeiros e encostas está determinado pola dupla función que tiñan os castros como hábitats fortificados e asentamentos agrícolas.

A creación das cidades e o estabelecemento dunha importante rede de calzadas foi a principal contribución da civilización romana ao proceso constitutivo da identidade territorial de Galicia. Na orixe destes asentamentos están as novas funcionalidades que adquiren, pois ao papel defensivo debemos sumarlles un protagonismo comercial e administrativo. A proliferación das cidades e as "villae" xunto con novas explotacións agrarias nos fondos de val, contribuíron ao paulatino abandono dos castros.

A chegada dos romanos vai significar o inicio da estruturación territorial de Galicia.

Durante a Idade Media vanse producir mudanzas territoriais que, con pequenas variacións, serán a base da evolución dos asentamentos até mediados de século XX. Coa chegada dos suevos, no noroeste peninsular artéllase unha estrutura política diferenciada. A chegada do cristianismo trae consigo a aparición da parroquia, estrutura sobre a que se xeran as relacións sociais e actividades económicas. A parroquia foi a unidade sobre a que se asentou a realidade territorial. A súa distribución estivo motivada por factores como a orografía e o clima. Así, os vales e bacías fluviais foron os espazos onde mais se desenvolveron, dadas as condicións favorábeis para o asentamento humano e a práctica da agricultura.

Na parroquia aparecen inxeridas as aldeas como núcleos de poboación básicos. As aldeas, xunto aos camiños, as agras e o monte constituíron a estrutura de explotación do espazo agrario.

No século XI prodúcese un incremento da poboación que estimula a aparición de novas vilas. Vaise consolidando unha estrutura que perdura no tempo. O fenómeno de peregrinacións a Compostela e o empurre do comercio orixinaron a creación de novas cidades e vilas, algunhas na costa.

Coa chegada do século XVI prodúcense importantes mudanzas nos ámbitos urbano, nomeadamente nas cidades de Pontevedra e Santiago de Compostela. A mellora dos transportes e da economía permitiron que a zona litoral reforzara o seu peso demográfico sobre o interior. No

século XVII prodúcese a chegada do millo. Foi este un factor determinante que mudou tanto a realidade demográfica como a configuración agraria do país. O paulatino crecemento da poboación experimentado e a presión que este exerceu sobre os recursos, mitigouse en parte coa dinámica migratoria que se inicia na fin do século XVIII. Entre 1860 e 1970 saíron mais dun millón douscentos cincuenta mil galegos. Na segunda metade do século acentúase o proceso urbanizador e as cidades incrementan a súa poboación. Fronte ao retroceso da sociedade agraria tradicional, refórzase o peso da industria e dos servizos.

Hoxe Galicia é unha realidade dual. Constituída por unha estrutura urbana dinámica e en crecemento que vertebra o país fronte a un medio rural con graves problemas de decrecemento económico e de poboación.

8.1 A ORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA DE GALICIA.



Os límites da Galicia sueva espallábanse mais alá do territorio que hoxe chamamos Galicia.

A forma Gallaecia, como xeito de denominar o noroeste peninsular aparece nas crónicas da man dos romanos. Eles son os primeiros tamén en organizar unha administración unitaria que xestione un amplo espazo xeográfico. O desmembramento do Imperio romano vai permitir a instalación de pobos chegados de Centroeuropa. A Galicia chegan os suevos, que van constituír o que algúns investigadores sitúan como o primeiro Estado da Europa medieval entre os séculos V e VI, o Reino Suevo. Este reino terá unha existencia diferenciada durante un período curto de tempo e acabará integrado no Reino Visigodo peninsular.

Mapa do reino de Galicia no século XVII.

A entrada dos musulmáns na Península provoca a liquidación do Reino Visigodo no século VIII. Confórmanse dúas realidades políticas, a parte musulmán, que as crónicas denominan España, e Galicia. Durante os séculos posteriores, malia os intentos de consolidación, a realidade territorial que se deu en chamar Reino de Galicia revélase inmersa nunha inestabilidade continua ate o século

XV. Así, coa intervención dos Reis Católicos a nobreza galega é desprazada dos ámbitos de decisión, o que sitúa a Galicia baixo a dependencia directa de Castela. Este feito hai que o inxerir no proceso de unificación da Península. Nesta nova realidade, Galicia mantén a condición de Reino, e a efectos do poder real, era unha unidade administrativa.

Mais na configuración interna, destaca a existencia das denominadas sete provincias, Lugo, Ourense, Santiago, Betanzos, Mondoñedo e Tui. Estas circunscricións territoriais apenas tiñan entidade administrativa, e xorden da necesidade de fixar o territorio de cada unha das cidades co fin de poder distribuír e recadar as contribucións.

Cada provincia estaba composta por xurisdicións e coutos redondos estruturados a partir de parroquias, a unidade básica na orde xurisdicional civil e eclesiástica. Ademais destas xurisdicións existían os concellos que xestionaban cidades e vilas, e tamén zonas rurais. Todas estas unidades xurisdicionais pertencían ou ben ao Rei (reguengo), á igrexa (señorío eclesiástico ou abadengos) ou á nobreza (señorío leigo).

Coa propagación do pensamento liberal, faise evidente a necesidade da modernización das estruturas estatais, que debían ser construídas sobre unha nova administración centralizada. É neste período cando se estabelece a estrutura administrativa por municipios e provincias. Tras varios procesos errados, en 1833 a división provincial de Galicia queda fixada en catro provincias, A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense. Desaparecía así a figura do Reino de Galicia, que pervivira no tempo desde a Idade Media. Posteriormente, consolidaríase, tamén, a división municipal.

Durante a II República fora aprobado o primeiro estatuto de Autonomía para Galicia. A Guerra Civil imposibilitou que se puidera materializar.

Esta estruturación administrativa mantívose sen apenas alteracións ate a creación da actual autonomía. En 1981, coa aprobación do Estatuto de Autonomía, Galicia configurouse como unha Nacionalidade Histórica dentro do Reino de España.

O proceso democrático derivou na creación e desenvolvemento do poder autonómico que asumiu boa parte da xestión pública: sanidade, educación, redes viarias, cultura, medio ambiente. A nova figura administrativa foi paulatinamente asumindo a xestión de maiores áreas, ficando

relegado o papel da administración central en

ámbitos como a seguridade ou a defensa. Neste novo mapa administrativo sobrepoñense novas e vellas formas de xestionar o espazo. O desenvolvemento do poder autonómico evidenciou a necesidade dunha nova estruturación territorial que teña en conta a realidade territorial. Por unha banda, perviven as vellas provincias xunto a vontade de dotar de competencias á figura da comarca. Ao tempo, os procesos de concentración urbana, evidencian a necesidade de crear órganos que superen o marco municipal e aborden a xestión dos servizos con plantexamentos metropolitanos. E o despoboamento do rural abre a porta á fusión dos concellos pequenos para poder garantir uns servizos de calidade aos cidadáns.

8.1.1 A Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal

A entrada da Unión Europea abriu un novo marco de relación entre Galicia e Portugal. Se ben é certo que entre os dous espazos xeográficos existían xa uns lazos históricos e económicos salientábeis, as políticas de cooperación transfronteiriza da Unión abriu un novo camiño de relacionamento, que se viu materializada no ano 1991 coa creación da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal. A Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional da Região Norte de Portugal foron os impulsores da súa creación, que contou co apoio dos gobernos español e portugués.



A Euro-rexión configura un espazo económico que vai desde Ferrol até Porto.

A Euro-rexión configúrase actualmente como un espazo de interrelación social, económica e cultural entre as dúas comunidades. Ocupa unha superficie total de 51 mil Km^2 (Galicia 29.575 e Norte de Portugal 21.278) e concentra unha poboación de 6´4 millóns de habitantes (Galicia 2.760.179 e Norte de Portugal 3.727.313), o que se traduce nunha densidade de poboación de 128 hab/km^2. A Euro-rexión artéllase como un sistema de cidades entre Ferrol e

Porto. No que respecta á caracterización da poboación activa en 2001 o emprego concentrábase principalmente no sector servizos (52,7%), na industria e construción (40,1%) e no sector primario (7,2%).

A constitución da Comunidade de Traballo supuxo a consolidación administrativa dunha realidade marcada pola intensificación das relacións entre Galicia e o Norte de Portugal. A creación deste ente transfronteirizo viuse facilitada pola existencia dunhas estreitas relacións derivadas da veciñanza xeográfica e polas afinidades entre as dúas rexións froito de fortes lazos históricos e culturais. É a única euro-rexión da Península que tivo unidade política nalgún momento histórico. Cabe destacar que o tráfico medio diario de vehículos pesados e lixeiros por esta zona fronteiriza, supón o 49% de todos os intercambios existentes ao longo de toda a fronteira entre España e Portugal, o que nos ofrece unha imaxe da intensidade das fluxos económicos entre as dous territorios.

Na actualidade, a Comunidade de Traballo está formada por 8 Comisións. Existen tres comisións sectoriais, constituídas por representantes das institucións públicas das dúas rexións, nos diferentes sectores susceptíbeis de cooperación: infraestruturas, saúde, educación, cultura, pesca, medio ambiente.

Con vocación territorial existen catro Comunidades Territoriais de Cooperación (CTC do Val do Miño, CTC do Val do Limia, CTC do Val do Támega e CTC do Val do Cávado) que agrupan institucións de ambos lados da fronteira: Cámaras Municipais portuguesas, Concellos e Deputacións Provinciais de Galicia.

A fachada atlántica concentra as actividades económicas máis dinámicas . Na foto a cidade de Vigo.

Por último, existe unha comisión específica, constituída polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que se ocupa da política urbana das cidades que forman parte do mesmo.

8.2 DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: COSTA-INTERIOR.

Hoxe en dia, Galicia presenta dúas realidades socioeconómicas asimétricas. Evidéncianse contrastes territoriais entre a zona do litoral, máis urbana e industrial e o interior cunha maior caracterización agraria. A facilidade das comunicacións, a presenza de

infraestruturas portuarias, unha maior densidade demográfica, xunto co desenvolvemento urbano fan do Eixo Atlántico a área máis dinámica do país.

As causas desta realidade aparecen vinculadas a factores demográficos, económicos e territoriais. Dunha banda, non podemos obviar que a evolución demográfica e económica do país desde o século XIX estivo condicionada pola magnitude do proceso migratorio en Galicia. Foi a Galicia interior a que sufriu unha maior emigración, e a que hoxe presenta os índices de avellentamento máis elevados. Mentres, a Galicia costeira reflexa un maior dinamismo e recebe fluxos de inmigrantes doutros países o que lle permite mellorar as súas estruturas demográficas.

Por outra parte, hai que sinalar as derivadas das transformacións das estruturais económicas e territoriais. Desde os anos sesenta do século XX, o país aparecía inmerso nun proceso de transformación urbano-industrial. O mundo rural tradicional vivía unha crise que supuxo a transformación da agricultura de autoconsumo que se viña practicando cara un modelo de explotación de matiz capitalista. Ao tempo, a industrialización polarizada en poucos núcleos e a terciarización da sociedade provocou unha maior concentración de poboación nas áreas máis dinámicas en detrimento daquelas áreas máis illadas e lonxe dos espazos industriais. Hoxe perto do 70% da poboación vive en vilas con mais de 5000 habitantes.

Para tratar de contrarrestar esta realidade disimétrica, desde as diferentes administracións puxéronse en marcha proxectos tendentes a fixar e favorecer o asentamento de nova poboación naquelas áreas máis desfavorecidas. As liñas das iniciativas postas en marcha estaban viradas para favorecer o asentamento de industrias en áreas determinadas mediante plans específicos de industrialización. Coa entrada na Unión Europea, as áreas máis deprimidas puideron acceder tamén a axudas comunitarias, a través dos Fondos Estruturais, habilitadas para reducir os desequilibrios territoriais dentro dos países da Unión.

8.3 A ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Entendemos o territorio como un espazo xeográfico que se constitúe a partir da interacción de diferentes axentes nun tempo histórico. Moitas veces acontece que os intereses destes grupos son contrapostos. Todos sabemos dos conflitos xerados pola instalación dunha industria ou dunha autoestrada preto dun núcleo habitado. Os procesos de concentración de poboación en áreas do territorio, espazos urbanos principalmente, acentúan as diverxencias sobre o aproveitamento do solo.

A ordenación do territorio como disciplina aparece pois como un intento de conxugar o desenvolvemento socioeconómico e equilibrado das rexións e a organización física do espazo, ao tempo que se mellora a calidade de vida das persoas e se practica unha xestión responsábel

sobre os recursos naturais.

En Galicia, até hai pouco tempo non se contaba con mecanismos de regulación sobre o territorio. Esta ausencia de control fíxose evidente no proceso de espallamento urbano vívido a partir dos anos 60, o que derivou nun crecemento desordenado. Deste xeito, nas cidades galegas destaca a falla de espazos verdes e unha trama urbana onde á escasa largura das rúas se contrapón a altura que presentan os edificios. A partir dos anos 80, vaise intentar reconducir a situación coa aplicación de normativas de ordenación territorial. Os planos de ordenación urbana (PXOU) serían dos primeiros documentos xurdidos para tentar pór en marcha un crecemento regulado do territorio.

Coa aparición das áreas urbanas faise visíbel a necesidade de estabelecer un marco de ordenación superior ao municipal para desenvolver políticas comúns en materia de transportes, de infraestruturas industriais. Aparecen os Planos de Ordenación como instrumentos para a aplicación dunha política territorial dunha comarca ou rexión.